



A Pobra do Caramiñal

Manuel M.^a Durán Guillán, voceiro do grupo do Partido Popular neste concello, presenta ó pleno a seguinte moción para que sexa debatida na vindeira sesión plenaria relativa á instalación de baños para persoas con mobilidade reducida nas instalacións públicas e municipais que carezan dos mesmos.

Exposición de Motivos:

O Real Decreto Lexislativo 1/2013 de 29 de novembro, ten por obxecto garantir o dereito á igualdade de oportunidades e de trato ás persoas con discapacidade respecto do resto de cidadáns a través da promoción da autonomía persoal, accesibilidade universal, acceso ó emprego, erradicación de toda forma de discriminación, etc.

A normativa esixe ás institucións unha serie de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación que inclúen a adopción de normas internas, así coma a elaboración de plans e calendario de actuacións.

A día de hoxe, instalacións tan importantes como son o ISM ou o centro de saúde carecen de baños adaptados ás necesidades da xente con estas eivas.

O actual goberno rexeitou un novo centro de saúde que corruxiría as deficiencias do actual neste eido, ademais é incapaz de conseguir os arranxos necesarios pola Consellería e tampouco están entre os seus plans este tipo de instalacións.

Por todo isto solicitamos ó pleno da corporación:

1. O equipo de goberno realizará a instalación de baños públicos adaptados para as persoas con mobilidade reducida, ou discapacitados, nas instalacións municipais que carezan das mesmas.

Manuel M^a Durán Guillán

Concelleiro do Grupo Municipal do PP

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO
CARAMIÑAL**